



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: [correo@boqueixon.dicoruna.es](mailto:correo@boqueixon.dicoruna.es)

WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

**BASES PARA A PROVISIÓN EN RÉXIMEN LABORAL TEMPORAL DA  
CONTRATACIÓN DE 2 TRABALLADORES FORESTAIS ENCARGADOS DE  
TRABALLOS PREVENTIVOS EN VÍAS E CAMIÑOS DE TITULARIDADE  
MUNICIPAL**

**PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA**

Ten por obxecto a contratación de **2 peóns traballadores forestais** para o desempeño das labours encamiñadas a realizar tratamentos silvícolas de xeito mecanizado en vías e camiños forestais de titularidade municipal e nas súas faixas de xestión de biomasa ó obxecto de diminuír a carga de combustible, de xeito que se consigan modelos de combustible nos que o lume, caso de producirse, avance con máis lentitude, menor intensidade e con chamas de menor lonxitude e así reforzar estas estruturas de prevención e defensa contra incendios forestais de xeito que queden transitables para os medios de SPDCIF, facilitando a súa chegada ó lume e a actuación neste. Os camiños deberán quedar limpos da vexetación con maior facilidade de ignición, mesmo evitando que as polas das árbores superen o límite de aresta do camiño impedindo deste xeito o efecto túnel.

A modalidade contractual será a dun contrato baixo a modalidade de obra ou servizo a tempo completo.

**SEGUNDO: DURACIÓN DO CONTRATO**

A duración do contrato é de 2 meses, que abrande dende o 27 de abril ó 26 de xuño de 2015, podendo ser prorrogado no caso que sexa asinado o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Boqueixón para a participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamento preventivos en vías e camiños de titularidade municipal. A duración da prórroga do contrato estará suxeito, en todo caso, ás condicións que establece dito convenio.

**TERCEIRA: REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO**

Para a admisión dos aspirantes será necesario cumprir os seguintes requisitos xerais:

- 1 Ser español/a (copia do NIF) ou membro da Unión europea. Os/as candidatos/as presentarán a copia do Documento de Identificación.
- 2 Ter cumpridos os 16 anos.
- 3 Estar en desemprego inscrito no Servizo Público de Emprego. Os candidatos/as deberán acreditar esta situación presentando no momento da solicitude copia da tarxeta de traballador/a desempregado/a.
- 4 Non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato.
- 5 Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de postos de traballo nas Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.

6 Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1994 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal o servizo das administracións públicas.

7 Estar en posesión do carné B.

8 Os interesados deberán presentar no rexistro do Concello a instancia de solicitude, xunto coa copia compulsada do carné de conducir, o carné de identidade, e a tarxeta de demanda de emprego no Servizo Público de Emprego.

#### **CUARTA: CONVOCATORIA.**

O Concello de Boqueixón procederá á publicación do anuncio de contratación na páxina Web do Concello de Boqueixón [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com), con data do 13 de abril de 2015.

**Os/as candidatos/as disporán de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación na citada páxina, para a presentación de solicitudes no Rexistro Xeral sito na Casa do Concello, en horario de 9 a 14 horas. O sábados o rexistro estará aberto en horario de 10:00 h. ás 13:00 horas.**

**O PRAZO REMATA O DÍA 18 DE ABRIL DE 2015 ÁS 13:00 horas.**

Non serán admitidas aquelas solicitudes que non se fagan no rexistro xeral do Concello de Boqueixón. Para resolver dúbidas poderá chamar ó 981513061.

#### **QUINTA: COMISIÓN SELECCIONADORA.**

A Comisión seleccionadora estará constituída como segue:

**PRESIDENTE: JOSÉ MARÍA SOUTO TEMES, SUPLENTE: ANSELMO CAEIRO VILAR.**

**SECRETARIO: ELENA SUÁREZ RODRIGUEZ, SUPLENTE: JUAN MANUEL CORRAL SÁNCHEZ.**

**VOGAL 1: ELIAS RODEIRO TATO, SUPLENTE: ROSARIO IGLESIAS IGLESIAS.**

**VOGAL 2: CASIANO VELEIRO DIÉGUEZ, SUPLENTE: ADELA LAMELA ARTEAGA.**

**VOGAL 3: GONZALO TORRES GIL, SUPLENTE: EUGENIO FERNÁNDEZ VIEITES.**

A comisión seleccionadora non poderá constituírse sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso será preciso a asistencia do presidente e o secretario.

As actuacións da Comisión seleccionadora serán recorribles conforme o establecido na Lei 30/1992 do Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.

A comisión reunirse para a realización das probas escritas e prácticas e determinará os/as candidatos/as e propondrá o Alcalde a súa contratación.

#### **SEXTA: SELECCIÓN DOS CANDIDATOS/AS**

6.1 Este proceso consta de 2 probas:

**1ª.- PROBA ESCRITA:** Realizarase unha proba escrita tipo test dirixida a determinar o coñecemento do entorno municipal: sobre os lugares e parroquias do concello. Así como a normativa aplicable.

Esta proba puntuará un máximo de 10 puntos e será eliminatoria.

Os interesados poderán recoller o temario, que figura no anexo I, previa solicitude no concello de Boqueixón.

A proba realizarase o día 23 de abril de 2015 ás 11:00 horas.

2ª.- **PROBA PRÁCTICA.** Realizarase unha proba práctica dirixida a determinar a súa destreza no manexo das ferramentas (**manexo de tractor con desbrozadora de brazo**) e das actividades propias de realización de tratamentos preventivos en vías e camiños.

Esta proba práctica ten unha puntuación total de 20 puntos e é eliminatoria.

Realizarase o día 23 de abril de 2015 ás 13:00 horas.

6.2 Rematado o proceso de selección, a comisión elaborará unha relación de admitidos e suplentes que se fará pública no taboleiro de anuncios do Concello de Boqueixón.

## **SÉTIMA. FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS**

Os/as candidatos/as seleccionados/as presentarán copia do NIF, cartilla da Seguridade Social, Tarxeta de Demandante de Emprego.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación, o alcalde de acordo coa proposta do tribunal cualificador, procederá a formalizar o correspondente contrato na data prevista.

Será competencia do Alcalde a formalización dos contratos laborais cos aspirantes seleccionados, os cales deberán incorporarse ós seus postos de traballo.

A modalidade contractual é o de obra ou servizo, a tempo completo na que se recollerán as funcións a desenvolver polos/as traballadores/as, a categoría profesional é de peón, e a retribución de salario bruto máis paga extra prorrateada mensualmente é de 1.147,30 euros/mes.

## **OCTAVA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATOS.**

Para o previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, así como cantas normas de igual ou superior rango sexan aplicables. A convocatoria, bases e actos administrativos derivados da mesma serán recorribles nos termos previstos na Lei 30/1992 e na Lei 29/1998.

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso – administrativo, o réxime xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo ós vulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.

### **ANEXO I. TEMARIO**

- Listado de parroquias e núcleos do concello de Boqueixón
- Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: [correo@boqueixon.dicoruna.es](mailto:correo@boqueixon.dicoruna.es)

WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

## INSTANCIA

### PROVISIÓN EN RÉXIMEN LABORAL TEMPORAL DA CONTRATACIÓN DE 2 TRABALLADORES FORESTAIS ENCARGADOS DE TRABALLOS PREVENTIVOS EN VÍAS E CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

#### DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF/DNI
TELÉFONO(E-MAIL):	ENDEREZO: RUA OU PRAZA E NÚMERO:		CÓDIGO POSTAL:
CONCELLO	PROVINCIA	NACIONALIDADE	

#### CONVOCATORIA

POSTO DE TRABALLO	SISTEMAS ACCESO: CONVOCATORIA PÚBLICA
<i>DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:</i>  <i>DNI</i> <i>Carné de conducir</i> <i>Tarxeta de demanda de emprego no Servizo Público de Emprego.</i> <i>Outros</i>	
En Boqueixón, o .....de.....2015  <i>Sinatura</i>	Selo da Entidade